

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN LOCAL 2019-2023.**

**EXPEDIENTE: 2019/G003/001583**

**ANTECEDENTES:**

Unha vez celebradas as eleccións municipais do 26 de maio de 2019 e non presentándose recurso contencioso electoral, procede constituír a nova Corporación Local 2019-2023, o vindeiro sábado 15 de xuño de 2019.

Axunto a convocatoria da Sesión Constitutiva que terá lugar o sábado día 15 de xuño de 2019 ás 12:00 horas na Casa da Cultura de Bertamiráns (Ames). O lugar e hora foron consensuados por este alcalde en funcións con todos/as os/as cabezas de listas das candidaturas que obtiveron representación electoral.

Pola contra, o día xa está fixado pola lexislación electoral (artigo 195 Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral) e non procede o consenso en relación ao mesmo.

Lembrase a necesidade de achegar, debidamente cumprimentada, a declaración de intereses conforme o modelo que foi remitido a cada concelleiro/a electo/a pola Secretaría Municipal.

En efecto, conforme establecen os artigos 108 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral 5/1985 e 75.7 da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, a presentación, debidamente cumprimentada, de dita declaración de intereses (bens e actividades, xunto coas declaracións que estiveran obrigados/as a presentar: renda, patrimonio e sociedades), é requisito sen ou cal non pode tomar posesión ningún concelleiro/a electo/a.

Durante a celebración da Sesión Constitutiva deben comprobarse as credenciais emitidas pola Xunta Electoral de Zona co DNI de cada concelleiro/a e ca Acta de Proclamación de Electos/as. Polo tanto, os/as concelleiros/as electos/as que asistan á Sesión Constitutiva deberán facelo provistos da súa acta de proclamación e DNI (se non houberan sido presentados previamente na Secretaría Municipal).

Lembrase finalmente que, para poder tomar posesión, os concelleiros/as electos/as debe prestar acatamento á Constitución, mediante a modalidade de xuramento ou promesa.

Achéganse informes de Secretaría sobre a Sesión Constitutiva e sobre o inventario municipal de bens. Durante o transcurso da Sesión Constitutiva será achegada pola Intervención municipal acta de arqueo extraordinario.

Por todo o exposto, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, **Resolvo:**

**Convocar Sesión Constitutiva na nova Corporación Local 2019-2023, na Casa da Cultura de Bertamiráns ás 12:00 horas con arranxo ao seguinte orde do día:**

**Punto Primeiro.- Constitución da Mesa de Idade e comprobación da documentación. Declaración de constitución da nova Corporación Local.**

**Punto Segundo.- Acto de acatamento á Constitución dos/as concelleiros/as electos/as**

**Punto Terceiro.- Elección de alcalde/alcaldesa, previa determinación do sistema de votación. Acto de acatamento á Constitución do alcalde/esa.**

**Punto Cuarto.- Intervencións do alcalde/esa e dos concelleiros/as.**

Ames, 12 de xuño de 2019

O alcalde en funcións.

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo